



RESOLUCIÓN

O Regulamento de utilización de instalacións deportivas municipais, en vigor desde o 21 de abril de 2004 establece no seu Título IV os aspectos básicos da normativa de acceso para a utilización de pavillóns deportivos cubertos por entidades deportivas ou veciñais.

A autorización para a utilización dos pavillóns deportivos municipais na temporada 2021/2022 concedida por Resolución da Concelleira Delegada de Deportes nº 2021005854 rematou o pasado 24 de xuño. Así pois é preciso que os clubs deportivos de Oleiros presenten as solicitudes para a temporada 2022/2023.

O comezo da temporada 2022/2023 faise cos horarios adxudicados na anterior, manténdose estes mesmos horarios ata que se realice a nova adxudicación, de acordo, entre outros criterios, co número de licenzas federativas actualizadas e debidamente acreditadas, seguindo o prescrito no Regulamento.

En consecuencia, facendo uso da facultade de dirección política e da xestión do servizo que me foi atribuída por delegación mediante Decreto da Alcaldía nº 2019002619, de 20 de xuño do 2019,

RESOLVO:

Primeiro.- Para a tramitación da autorización de uso dos pavillóns deportivos polas entidades deportivas municipais na temporada 2022-2023, establécese o seguinte procedemento:

1.- Unha vez comezada a temporada 2022/2023 o pasado 25 de agosto, é preciso realizar un novo tramite de solicitude das instalacións para proceder á actualización, se así procedese, dos horarios adxudicados no período anterior.

2.- De xeito provisional, e ata que se aprobe a nova distribución horaria para a temporada 2022/2023, os clubs que xa solicitaran horarios durante a temporada anterior dispoñen, desde o 25 de agosto, **dos mesmos que tiñan adxudicados en Resolución da Concelleira Delegada de Deportes nº 2021005854.**

3.- As solicitudes de uso horario nas instalacións para a temporada 2022/2023, deberán presentarse **antes do 10 de outubro (inclusive), no Rexistro Electrónico do Concello,** ao que se pode acceder desde a web municipal.

4.- No caso dos clubs deportivos que non tiveron horas adxudicadas durante a temporada 21/22 e teñan interese en utilizar horas de adestramento nos pavillóns na temporada que acaba de



comezar, deberán presentar a súa solicitude no mesmo período, previa inscrición no rexistro de entidades do Concello.

5.- Todos os clubs que desexen solicitar horarios de adestramento, deben presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude (cubriendo no formulario electrónico o apartado “variables”)
- b) Memoria explicativa da actividade a realizar na instalación e a xustificación das horas solicitadas. Nesta memoria deben indicar as categorías para as cales se solicita o uso do pavillón e o ámbito ou nivel da competición na que van participar, o número de deportistas de cada categoría e o horario de adestramento que se solicita.
- c) Certificado do número de licenzas federativas tramitadas coa listaxe de deportistas para temporada 2022/2023, a ou ben copia compulsada das propias licenzas.

6.- Terán prioridade de uso nos pavillóns municipais aquelas disciplinas deportivas que utilizan pavillóns deportivos como lugar de competición habitual, fronte a disciplinas que compiten noutro tipo de instalacións ou escenarios.

7.- As notificacións relativas a este procedemento serán en todo caso electrónicas e serán enviadas aos enderezos proporcionados nas solicitudes.

Oleiros, 20 de setembro do 2022

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola 4ª Tenente de Alcalde delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

